

XORNADA SOBRE GREEN DEAL H2020



Luns, 13 de xullo de 2020



Modalidade online



INTRODUCCIÓN

Marina Martínez é persoal destacado do CDTI (Centro de Desenvolvemento Tecno-lóxico e Industrial) na oficina desta entidade en Bruxelas (oficina SOST, Spanish Office for Science and Technology) e coordina o programa de xestores especializados en Programa Marco da UE desde 2009. Sigue os Retos Sociais e Liderado Industrial de H2020 e é Punto Nacional de Contacto do programa Secure Societies, ademais de participar en diferentes grupos de traballo da Comisión en relación ao Programa Marco Horizon Europe. É tamén membro activa da plataforma europea ECSO de ciberseguridade.

O obxectivo da xornada será dar a coñecer con antelación os contidos da convocatoria Green Deal H2020, que abre o próximo mes de setembro. Esta convocatoria é totalmente transversal e afecta a todas as temáticas do programa marco.

En todos os *tópicos* propostos no borrador do programa de traballo, as tecnoloxías TIC e a dixitalización son clave para o éxito dos proxectos gañadores. Por isto, esta convocatoria supón unha oportunidade para os investigadores do CITIC e as súas entidades colaboradoras, ante a finalización do programa marco actual. Durante a sesión se explicarán os *tópicos* que están en estado de borrador, pendentes de aprobación por parte da Comisión Europea a inicios de setembro. Darase maior énfase ás partes da convocatoria máis afíns aos grupos de investigación do CITIC e falarase dos principais actores para a formación de consorcios nos próximos meses.

PROGRAMA

11:00 h - 11:15 h

Apertura da xornada a cargo do Director do CITIC, Manuel F. González Penedo

11:15 h - 13:00 h

Avance da convocatoria Green Deal - H2020 (apertura prevista setembro de 2020):

- A partir dos borradores dos programas de traballo consolidados, farase un repaso de todos os *tópicos*, poñendo énfase nos que sexan de maior interese e oportunidade para o CITIC e as súas entidades colaboradoras

- Indicaranse as potenciais entidades europeas que xa están traballando nestes *tópicos* para a formación de consorcios gañadores

11:15 h - 13:00 h

Conclusións e peche da xornada



"Unha maneira de facer Europa"

